



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



Xacobeo  2027

PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN 2025 INFORME

Aprobado polo Consello Reitor do IGE, en cumprimento da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



Xacobeo  2027

1.- Introducción

De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Instituto Galego de Estatística (IGE) está sometido ao control de eficacia no cumprimento dun Plan anual de actuación.

O Plan anual de actuación, aprobado por orde da consellería de adscrición, ten un obxectivo estratéxico de natureza instrumental, orientado a facilitar o funcionamento do IGE como órgano central do sistema estatístico de Galicia e contribuír á execución do Programa estatístico anual do mesmo ano. Así, reflectirá os obxectivos e resultados vencellados con este programa e incluírá, así mesmo, outros obxectivos, así como os recursos persoais, materiais e orzamentarios precisos para a súa consecución.

Pola súa parte, o artigo 22 do Estatuto do IGE, Decreto 60/2016, do 26 de maio, establece que o Instituto deberá elaborar anualmente un informe sobre a execución do Plan anual de actuación, que será elevado ao Consello Reitor para o seu coñecemento e avaliación.

O presente informe ten por finalidade ofrecer unha visión global do grao de execución das actuacións previstas no Plan anual de actuación 2025. A través del realízase un exercicio de seguimento e rendición de contas que permite avaliar o nivel de cumprimento dos obxectivos establecidos e contribuír á transparencia na actividade do Instituto.

2.- Resumo da execución e indicadores de resultado

O Plan anual de actuación para 2025 (en diante PAA-2025) foi aprobado por [Orde do 27 de decembro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública](#).

O PAA-2025 recolle seis obxectivos operativos, clasificados de nivel alto, medio ou baixo, segundo os seus graos de relevancia e impacto, con 24 actuacións estatísticas programadas.

Durante o ano 2025 **executáronse 22 das 24 actuacións programadas**, o 92%. A seguinte táboa recolle un resumo das actuacións realizadas do PAA-2025 por obxectivo operativo.

OBXECTIVOS OPERATIVOS 2025	Nivel	Número actuacións programadas	Número actuacións realizadas
OOP1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico	Alto	2	1
OOP2 Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias	Medio	2	2
OOP3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico	Baixo	5	5
OOP4. Apoiar o deseño e avaliación de políticas públicas	Medio	0	0
OOP5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio	Alto	4	4
OOP6. Reforzar a organización dos sistema estatístico e a colaboración con outros órganos con outros órganos e entidades do sector público	Medio	11	10
TOTAL		24	22

As actuacións non realizadas foron:

- OOP1. Prácticas previstas na Resolución do 5 de xullo de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo para ingresar na escala superior de estatística.
- OOP6. Analizar os potenciais aproveitamentos estatísticos do Rexistro de axudas, subvencións e convenios, en colaboración coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

O artigo 5 da Orde do PAA-2025 tamén establece que se deberá elaborar un indicador global de execución do Plan, ao que se engadirán outros tres indicadores relativos ao seguimento do Programa estatístico anual de 2025 (en diante PEA-2025), que serán recollidos no correspondente informe aprobado polo Consello Galego de Estatística. O mesmo artigo fixa os valores obxectivos para cada un deles.

Tal e como se amosa na seguinte táboa, **o grao de execución do PAA-2025 situouse no 90%**, superando en dez puntos porcentuais o valor obxectivo establecido (80%).

INDICADORES IGE 2025	Obxectivo	Resultado
Grao de execución das actuacións do PAA	80%	90%
Grao de execución das estatísticas do IGE no PEA	95%	99%
Puntualidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA	90%	96%
Oportunidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA	12 meses	13 meses

Sinalar que o indicador de execución do PAA obtense considerando, para cada obxectivo operativo, o número de actuacións, o seu grado de realización e o nivel asociado ao obxectivo¹.

Os resultados de seguimento das estatísticas do IGE no PEA-2025, pendentes de aprobar polo Consello Galego de Estatística, son:

- O grao de execución das estatísticas elaboradas polo INE no PEA-2025 foi do 99%, superior o valor obxectivo (95%).
- O indicador de puntualidade na difusión destas estatísticas amosa un cumprimento do 96%, superando en seis puntos porcentuais o valor obxectivo establecido (90%).
- A oportunidade da difusión, desfase entre as datas de referencia e de publicación presenta un valor de 13 meses, por riba do obxectivo de 12 meses.

3.- Execución das actuacións por obxectivo operativo

OOP1A. Facilitar a coordinación do sistema estatístico

ACTUACIÓN 1: Prácticas previstas na Resolución do 5 de xullo de 2023, pola que se convoca o proceso selectivo para ingresar na escala superior de estatística.

RESULTADO: Non realizada

ACTUACIÓN 2: Promover acordos coas consellerías para ampliar as bases de datos sociodemográfica e empresarial.

RESULTADO: Realizada. Asinado Acordo de colaboración coa Consellería de Sanidade.

OOP2M. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias

ACTUACIÓN 3: Participar en congresos e xornadas.

RESULTADO: Realizada. Detalle en Anexo 1.

ACTUACIÓN 4: Xestionar os fondos da biblioteca do IGE.

RESULTADO: Realizada

¹ Os niveis codifícanse: nivel alto → nivel=3, nivel medio → nivel=2, nivel baixo → nivel=1

$$\frac{\sum_{OOP1}^{OOP6} (N^{\circ} \text{ act. realizadas completamente} * 1 * \text{nivel} + N^{\circ} \text{ act. realizadas parcialmente} * 0,5 * \text{nivel})}{\sum_{OOP1}^{OOP6} N^{\circ} \text{ act. programadas} * \text{nivel}} * 100$$

OOP3B. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico

ACTUACIÓN 5: Cursos impartido na EGAP.

RESULTADO: Realizada. Detalle en Anexo 1.

ACTUACIÓN 6: Colaboración coa Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións no XV Concurso incubadora de sondaxes e experimentos.

RESULTADO: Realizada.

ACTUACIÓN 7: Participar na XVII Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA).

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 8: Prácticas de estudantes das universidades galegas.

RESULTADO: Realizada. Detalle en Anexo 1.

ACTUACIÓN 9: Xornadas de portas abertas.

RESULTADO: Realizada. Detalle en Anexo 1.

OOP5A. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio

ACTUACIÓN 10: Microsimulación de impactos do IRPF.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 11: Informe sobre a posición cíclica da economía galega.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 12: Participar no grupo de usuarios do QUEST da DG ECFIN.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 13: Informe semestral sobre o impacto dos fondos NextGeneration na economía galega utilizando QUEST3RD.

RESULTADO: Realizada

OOP6M. Reforzar a organización estatística e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público

ACTUACIÓN 14: Oferta de emprego público 2022. Convocatorio do proceso selectivo para o ingreso na escala técnica de estatística.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 15: Apoio á Axencia Tributaria de Galicia na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 16: Participar na estimación da recadación das principais figuras tributarias.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 17: Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 18: Colaborar no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 19: Informe para AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 20: Axencias Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas.

RESULTADO: Realizada

ACTUACIÓN 21: Apoiar a avaliación dos programas operativos 2014-2020.

RESULTADO: Realizada. Elaboráronse informe de avaliación de impacto do Programa Emega e Informe de avaliación de impacto dos fondos FEDER, FSE+ e FTX.

ACTUACIÓN 22: Analizar os potenciais aproveitamento estatísticos do Rexistro de axudas, subvencións e convenios, en colaboración coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

RESULTADO: Non realizada

ACTUACIÓN 23: Colaboración co Observatorio Galego de Dinamización Demográfica para revisar as estimacións sobre o custo da crianza.

RESULTADO: Realizada. Elaborado informe

ACTUACIÓN 24: Participar en observatorios, comisións, consellos e outros órganos.

RESULTADO: Realizada

ANEXO I. Detalle de actuaciones

ACTUACIÓN 3: Participar en congresos e xornadas.

Cursos impartidos, publicacións e relatorios elaborados por persoal do IGE:

- Artigo publicado na revista Informest. Boletín da SGAPEIO Nº 69. Empregabilidade en Galicia dos titulados no Sistema Universitario Público de Galicia en titulacións vinculadas ás matemáticas. Marzo 2025.
- XLI Congreso da SEIO. Presentación dun relatorio sobre a experiencia de Galicia y Andalucía no aproveitamento dos datos lonxitudinais de afiliacións á Seguridade Social. Xuño 2025
- XVII Congreso galego de estatística e investigación de operacións. SGAPEIO. Participación nunha mesa redonda e presentación de dous relatorios. Outubro 2025.
- XII Xornada de Usuarios de R en Galicia. Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide. Presentación dun relatorio sobre o uso da cor na difusión de datos estatísticos: unha cuestión nada trivial. Quarto e Typst: alternativas a RMarkdown e Latex. Outubro 2025.
- Curso sobre o Sistema Europeo de Contas, Crecemento, Benestar e Sustentabilidade. Presentación dun relatorio sobre as contas rexionais desde a perspectiva galega. Outubro 2025

Cursos con asistencia de persoal do IGE:

- Curso introdución a series temporais. INE. Febreiro 2025.
- Curso axuste estacional e de calendario. Uso de JDEMETRA+. INE. Abril-maio 2025.
- Seminario de avaliación de políticas públicas. IGE. Maio 2025.
- Seminario sobre as táboas de orixe e de destino ampliadas. OCDE-JRC. Maio 2025.
- Sesión técnica do nomenclátor e apelidos e nomes". INE. Maio 2025.
- Encontro entre produtores e usuarios das estatísticas de turismo. INE. Xuño 2025
- Sesión técnica sobre a estatística de migracións e cambio de residencia. INE. xuño 2025.
- Xornadas INE-OCECAS sobre a implementación da CNAE-2025. Setembro 2025.
- Curso de R aplicado á produción estatística oficial. INE. Setembro 2025
- Curso sobre ferramentas para analítica de datos orientado a persoal TIC. EGAP. Setembro-outubro 2025.
- Curso de machine learning: aplicacións á produción de estatísticas oficiais. INE. Outubro 2025.
- Curso de administración dixital: introdución aos sistemas de análises de datos. Conceptos e casos prácticos. EGAP. Outubro-novembro 2025.
- Seminario sobre o uso de datos administrativos, de enquisas e de técnicas de microsimulación para a avaliación de políticas públicas. Instituto de Estudios Fiscales. Outubro-novembro 2025.

-
- Curso de análise custo-beneficio. Avaliación económica de políticas públicas e proxectos de inversión. Instituto de Estudos Fiscales. Novembro 2025.
 - Curso de introdución a Python. INE. Novembro 2025.
 - Curso sobre modelización automática exhaustiva de series temporais (TEAM). INE. Novembro 2025.
 - Sesión técnica sobre a CNAE 2025. INE. Novembro 2025.
 - Sesións sobre operacións estatísticas: estatísticas conxunturais. Principais novidades e proxectos. Novembro 2025.
 - Sesións sobre operacións estatísticas: contabilidade anual, contabilidade trimestral e enlace entre operacións. Novembro 2025.
 - Curso sobre habilidades sociais de especial interese no ámbito laboral. EGAP. Novembro 2025

ACTUACIÓN 5: Cursos propostos e impartidos na EGAP.

- Curso de introdución a Python. EGAP. Marzo-maio 2025.
- A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas. Setembro 2025.
- Análise e visualización espacial da información estatística con R. EGAP. Setembro-outubro 2025.
- Tratamento da información estatística e presentación de resultados empregando software libre R. Instituto de Economía Pública de Galicia. Outubro-novembro 2025.
- Curso básico de análise de datos con Tableau. EGAP. Outubro-novembro 2025.

ACTUACIÓN 8: Prácticas de estudantes universitarios:

Realización de prácticas no IGE de sete estudantes.

- 2 estudantes do Grao en economía da USC.
- 1 estudante do Grao en xeografía e ordenación do territorio da USC.
- 1 estudante do Grao en matemáticas da USC.
- 1 estudante do Máster en métodos avanzados de investigación e innovación na análise social da UdC.
- 1 estudante do Máster en psicoloxía do traballo da USC.
- 1 estudante do Máster interuniversitario de economía USC-UdC-UVigo.

ACTUACIÓN 9: Xornadas de portas abertas.

No 2025 visitaron o IGE 505 estudantes dos seguintes centros:

- IES de Meaño
- IES Xulián Magariños. Negreira
- CIFP Fontecarmoa. Vilagarcía de Arousa
- CPR Liceo La Paz. A Coruña

- IES Fernando Blanco. Cee
- Compañía de María. Santiago de Compostela
- IES Antonio Fraguas. Santiago de Compostela
- IES Arcebispo Xelmírez II. Santiago de Compostela
- IES Monte Neme. Carballo
- IES Plurilingue Pintor Colemeiro. Silleda
- IES Eduardo Pondal. Santiago de Compostela
- IES Chan do Monte. Marín
- IES Celso Emilio Ferreiro. Celanova
- IES de Fene
- IES de Ames

ACTUACIÓN 24: Participar en observatorios, comisións, consellos e outros órganos.

No 2025 participouse en:

- Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático
- Comisión de Toponimia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
- Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)
- Observatorio Galego da Familia e da Infancia. Consellería de Política Social e Igualdade
- Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Consellería de Política Social e Igualdade
- Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. Consellería de Política Social e Igualdade
- Comisión Sectorial para a Axenda 2030. Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030
- Comité interterritorial de Estatística (CITE). Instituto Nacional de Estatística
- Foro de Estatística Rexional (FER). Instituto Nacional de Estatística
- Grupo institucional da Rede de Organismos Centrais de Estatística das Comunidades Autónomas



ANEXO II. Normativa relacionada

- Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística
- Decreto 201/2024, do 27 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.
- Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 27 de decembro de 2024, pola que se aproba o Plan anual de actuación do IGE para 2025